


1000

Núm. 61

Tomo 6.

nós



CASTILLO



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 8'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 .

Número solto 0'70 .

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que faran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

*** Poesía por R. CARBALLO CALERO.

O Puñal do Museu Antropológico de Madrid, por FERMÍN BOUZA BREV.

Por terras orientais II, por AVELINO GÓMEZ LEDO.

O insino en Ribadeo dende o século XVI ó XIX, por F. LANZA.

Unha impresión da Galicia do Sul no derradeiro ano do s. XVIII, por R. O. PEDRAYO

Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.

Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47.2.º

Ourense



BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI



Ourense 15 de Xaneiro do 1929



Núm. 61

* * *

Teño unha dôr que me canta no peito
como unha rula en gaiola fechada
ela me fai arrincarme do leito
pra facer versos á lus da alborada.

Fun cazador incansable de estrelas;
fixen con elas licor de ilusión.
O meu brasón son estrelas marelas
no campo roxo do meu corazón.

Miña canzón, miña dôr latexante
é volvoreta do lume brillante
da outa fogueira da Malenconía;
das acedumes da vida trunfante
miña dôr canta i-eu deixoa que cante
porque sei ben ha finir algún día.

RICARDO CARBALLO

MATERIAES DE PREHISTORIA GALEGA

O puñal do Museu Antropológico de Madride

N-un dos anaqueles do museu que baixo a súa custodia ten a «Sociedad de Antropología, Etnografía y Prehistoria» con residencia en Madride, expónse un oujeto prehistórico de procedenza galega.

Trátase de un puñal, non moi longo, estreitado n-un dos cabos e provisto de tres furas pol-as que se tiñan que introducir os pregos que o sujetaban o mango pol-o cabo estreitado.

Non embargantes aparecer citado nos estudos de algúns investigadores, permanece inédito iste curioso eijemprar da nosa primitiva metalurxia i-elo pulame á dar a presente nota. Cabré menzoar n-un traballo publicado no «Anuari de l'Institut d'Estudis Catalans» anque de un xeito equivoco, pois localízao na «Ria de Terosa» (*sic*) a Galicia» (1) e Cuevillas asisadamente sospeita no «Boletín de la R. A. Gallega» ser a de Arousa a Ria aludida por aquel prehistoriador. (2)

A dúbida resolvéuse transcribindo a etiqueta que acompaña ao puñal, que di: «Beluso. Bealo (Ria de Arosa). Abal Hermo 1903».

O non eistir nos libros inventarios da Sociedade e do Museu referidos outra indicación mais escarecedora, fainos supor que, descontando o emprazamento geográfico no lugar de Beluso, freguesía de Bealo, concello de Rianxo, na ribeira N. da Ria de Arousa, os apelidos que seguen son do donante e a data é a do ano do hachádego.

Mede o puñal de Beluso 255 milímetros de longo por 55 de ancho máisimo e ten un grosor aproimado de 10 na parte central superior. Pesa 300 gramos.

(1) Joan Cabré Aguiló. — «Español funerari, amb diadema d'or d'una sepultura de la primera Edat del bronze de Montilla (Córdoba)». *Anuari de l'Institut d'Estudis Catalans*, Vol. VI, Barcelona 1900.

(2) Florentino L. Cuevillas. — «Os oujetos argáricos do Museu d'Ourense». *Boletín de la R. A. Gallega*, XX, N.º 173, 1925.

Si ben no eijo longitudinal aparez mais groso no medio, non se acusa iste ensanche por unha marcada crista central de reforzo como en outros casos socede, nin presenta rebaijes lateraes, o que dá unha seición transversa de traza lenticular. A fotografía que acompañamos axudará a facer idea da súa contestura e peculiaridade. (3)

Con respecto á materia de que está formado a falla de análise impidenos ser precisos en este ponto; mais juzgando pol-as características externas non é de cobre puro, senón que o estaño entra pra formar o bronce en non pequena proporción.

A crasificación da peza, embora non poidamos facela con precisión, pol-o que vai dito, encaixa dentro da chamada cultura argárica, pertencente ó comenzo da Edade dos Metaes, paralelizándose en Galiza cas cinco follas do depósito ourensán de Roufeiro (4) anque distinguíndose de elas por ter as furas ordeadas e non en coroa.

Finalmente, iñóranse as circunstancias en que foi topado; si solto ou en lote con outras pezas, si en mámoa ou en acocho, anque sendo a bisbarra do hachádego ricaz en estazóns da Edade do Bronce, arte rupestre, mámoas con cista, ao ajuar de algunha de elas puido, tal vez pertencer.

F. BOUZA BREY

Vilagarcía, Santos, 1928.

(3) Ista fotografía pertencente ao arquivo da «Sociedad de Antr. Etnog. y Prehist.» débémola ao distinto membro, Segretario de aquela colectividade Dr. Domingo Sánchez e Sánchez que pra nós a mandou tirar espresamente pol-o que lle rendimos gratitude.

(4) Vide pra iste depósito fotografía no «*Boletín de la Comisión Prov. de M. H. y A. de Ourense*». Vol. V, n.º 78, pág. 32, referenzas en Hugo Obermaier, no seu traballo «*Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia*» Vol. VII, núms. 148 e 149, 1920 do Boletín devandito e o estudo por minado no artigo de Cuevillas xa citado.





POR TERRAS ORIENTALS



(CARTAS ENCOL DA MIÑA PILINGRINAXE)

II

Roma.

¿Que esenza inmorredoiira gardará ista cibdá sagra que cando se pisa estremécese un de arriba abaixo e síntese pequeniño? Un berro fuxe da miña gorxa nun tono que ben poidera sere d'orazón, ós milleiros de mártires cuíos osos garda; ou de rexo hino ás suas grandezas pretéritas; ou as duas cousas on tempo. Ó cabo, eu son fillo da gran nai Roma e se se me dixera que nós os galegos temos outro sangue nas veas que non é o latino, aínda convindo beninamente n'iso que eu non fago por refuxir, a gran cibdá me seguiría atando cos adibales do espírito, da crénza e do arte.

Despois de acomodármonos no baril hotel *Plaza* salín á respirar o ar e á botar unha ollada agarimosa ás cousas que dendesde a primeira vegada que as víñ me enfeitizaron: aquelas eirexas incomparabres que son os máis ricos xoielos e museios do mundo; aquelas ruínas do Imperio que impoñen aínda e tanto dan que pensar, o Foro, o Coliseo, as Termas...; e mais que todo os vellos moimentos cristiáns dos primeiros séculos.

Non quero falarche mais que d'isto e particularmentes das catacombas por seren istas as que sempre fixeron vibrar as cordas da miña ialma d'un xeito docísimo e fondo.

Eu non vira as catacombas da Santa Domitila que o noso Bispo escolleu pra n'elas misar, pois a basílica é a mais capaz pra conter un fato grande de xente. Moi cediño fomos cara aló pol-a vía Apia. A mañán era das de festa. Un ar perfumado e tépedo erguíase coma alento da terra. A campia román vistida coma unha noiva refréxaba n'aquíl amañecer os gaios cores das rapazas sans e cheas de legría.

Envolveitos n'un silenzo relixiosíño fomos

pouco a pouco enchendo a basílica. Pol-o chán ciscados eiquí i-aculá cun certo escudado desorde víanse lápidas, lucernas, capítels e basas marmóreas. Á cabeceira, unha pedra d'altar núa i-encol d'ela unha crus e seis candieiros da época.

Namentres o señor Bispo vai revistíndose d'us ornamentos do xeito dos que entón usaban, as xentes acomódanse antr'as pedras ou se poñen a se confesar á maneira antiga, axionllándose homildosamente ós pés do crego sen mediar reixa algunha, fosen homes ou mulleres.

Vai comezar o Santo Sacrificio. É de anotar que o celebrante dá a faciana sempre ó pobo e non ten porque se voltar pra dicir o *dominus vobiscum*, abenzoar os escoitantes ou falarlles unhas verbas.

Eu confeso que poucas misas ouvíñ mais afervoadas. E cando o Bispo nos falou e nos arrebatou ca elocuenza sua incomparabre, pintando a vida dos primeiros cristiáns alí mesmo e nos dixo que aínda hoxe non houbera soluzón de continuidade pois os irmáns de México daban d'elo probas, non poiden aturar as bágoas dos ollos e coma mín cantos escoitaban a palabra acesa e baril do gran orador sagro.

E ¿querédelo crer? ¡Cousa mais fermosa! Non ben calou o Bispo un rousiñol da campia, pousado n'unha das grandes cornisas interiores da bóveda emprincipiou a nos dare asobío tras asobío e cántiga tras cántiga que ¡vol-o xuro! coidei vivir un anaco a vida do ceo.

Logo voltas e paseatas pol-as galerías escuras onde una velliña nos vai descubrindo as inscripcíons, os grafitos e símbolos n'os que a vida intensamentes espritoal latexa

e fai arregañar as pedras co seu pulo fortísimo... Dispoixa a prosa. Porque cando esperabámos que nos tiñan porparado o almorzo os das catacombas do San Calixto (pois alí s'encarregara) atopámonos que non había nada do dito. Ó cabo, a volta de moi-

tos arrodeos nós que os italiáns son mestres, houbo almorzo e todo restou en auga de cerrallas, incluso o chiculture que nos deron...

A. GÓMEZ LEDO.

O insino en Ribadeo desde o século XVI ó XIX

(Proseguimento)

Pol-o que se refire ás escolas de primeiras letras, sábese que á finais do século XVIII había na vila dúas pra nenas e dúas pra nenos, sendo patrono de unha de cada crase D. Bernardo Rodríguez-Arango e Mon, chamado «O indiano», dono de unha gran fortuna, feita nas terras douradas do Perú. As outras dúas escolas vivían *por corto auxilio de algún celoso* e porque os pais dos nenos que a ilas acudían regalaban ós mestres á medida dos seus posibres.

Na de nenas fundada pol-o Indiano insinábase á lér, escribir, calcetar e coser. I-era obrigazón da mestra saír co-as alumnas, todol-os sábados, entre lusco e fusco, pol-as ruas da vila, cantando o rosario e levando faroles acesos i-o estandarte da Virxe diante.

A de nenos de que era patrono o mesmo señor, tiña casa con horta pra ela e pr'o mestre, i-este disfrutaba a dotazón anual de 1.800 réas.

Morto o fundador, ou canso da súa obra benefactora, ésta estivo abandonada algún tempo, caíndo en mans de mestres *ruínes e inectas* (sic), tanto, que de algún d'iles decía o Concello que era pouco apto «pol-a insuficiencia de letras e por ser mozo sin as correspondientes circunstancias que se requiren, o que daba pouco adeantamento». En vista d'esto, os rexidores, «convencidos de que era mui comenente ó beneficio común e ó servizo de Deus que houbere persoa que se adique ó insino de nenos nas primeiras letras, e que os istruia así n'elas como no

temor de Deus e boa disciplina políteca», acordou *fixar zédula* anunciando a praza, por si alguén, veciño ou forasteiro, quería «constituírse ó insino». Na zédula fixébanse as condicións que o mestre debía ter e as retribucións que había de percibir. Estas eran: insinar a ler, seis cartos; por insinar a esquirbir, ral e medio; por insinar a contar, dous réas; entendéndose que estos estipendios habían de ser por cada un mes e que había a obrigazón de insinar de balde a seis nenos horfos ou fillos de probes. A escola había de estar e estivo, no carto baixo da Casa de Aulas, i-o mestre tiña que vivir en casa aparte e á súa costa.

Nas parroquias veciñas empezaron a xurdir tamén, no século XVIII, as escolas de primeiras letras, constando que á fins d'él había unha en Arante, outra en Cubelas e outra en Santalla da Devesa. A d'iste último lugar fora fundada pol-o cura da mesma freguesía, D. Domingo Antón de Somoza, que deixou pra sostela un capital de 4.000 ducados, que adeministraría un patrono por él nomeado, o cual elixiría mestre, «qual sea home, qual sea muller, neno ou nena», i-este poñería, si quería, «excusador apto pro exercicio da educazón dos nenos».

Así esta «obra pía mera lega Escola de nenos», según lle chamaba o seu fundador, como toda-as demais, o mesmo as da vila que as das parroquias, estaban ó comenar o sé-

culo XIX, n'un lamentabel abandono, pois vendéranse ou se empeñaran os bés e as rendas dos que as tiñan, e non habendo con que pagar bós mestres, os que se poñían o gorro do dómíne, como pasara na fundazón Rodríguez-Arango, eran xeneralmente xente que non tiña «o competente eisamen e aprobazón», seguíndose aínda a costume, xa censurada no século XVI pol-o pedagogo portugués João de Barros, de «consentir que calquer parvo ou mal acondutado quixese insinar meniños».

Os trastornos da malfadada época fernandina disbarataron de todo a herencia do século anterior; e hastra mediados do XIX apenas naide se coidou das escolas. «Lejos de nosotros la funesta manía de pensar...»

Ó fin, no ano de 40, un fato de homes dinos, rompendo a xeneral marcha rebañeca, fundan na vila unha agrupazón que tiña por principal ouxeto propagar a cultura. Esta coletividade, nominada Sociedade de Fomento, viña a seguirl-os pasos da «Sociedade para propagar y mejorar la educación del pueblo», fundada en 1838 pol-a Sociedade Económica Matritense, a eiscitazón da raíña gobernadora. En realidade era unha Sociedade Económica mais, e como tal foi agrupada á de León, co-a de Santiago e outras, pra eleición de senadores no ano 1877.

Tiña por lema: *Sin instrucción no hay libertad*, e, según os seus estatutos, nacía pra favorecer a industria, artes e oficios; protexer o insino, estender os coñecimentos agrícolas e fabriles, dar pubricidade ós segredos artísticos, facer que se anuncien as máquinas que simplificadas producen inmediatos resultados, fomentar a navegazón, a pesca e a cría de gados; facer sentir no corazón dos seus compatriotas o amor ó traballo, e por remate, disbaratar cantos oustáculos tendan á entorpecer os axentes que constituíen a riqueza pública.»

O fin principal, como queda dito, era o de «promover e adiantar a educazón da xuventude, esixindo escolas patrióticas ou establecimentos que mais en analoxía estivesen co país, velando o bó réxime interior e denun-

ciando á autoridade competente os abusos e vicios que poida orixinar un sistema d'insino que esteia a mal co-a esperencia i-en desuso nos establecimentos nacionaes que deben servir de norma».

Pouco despois de constituída fundou unha escola de balde, e conseguiu que o Concello excitase o celo dos pais pra que mandasen seus fillos a íla. No ano 1842 outivo do mesmo Concello unha subvención de mil e pico de réas pra dita escola i-outra de 12.000 pra un colexio de segundo insino, tamén fundado por íla. Estabrecceu premios pr'os alumnos sobresaíntes e acordou fixar nos paraes mais públicos da vila unha notiza circunstanciada dos agraciados, *pra emular mais á xuventude estudiosa*.

O colexio de segundo insino fundado pol-a Sociedade de Fomento foi o xerme da Escola de Pilotaxe e Comercio que deu honra e proveito a Ribadeo. A creazón d'esta Escola, en mal hora desaparecida, solicitouse do Congreso Nacional en Abril de 1842, propoñendo o Concello e a Sociedade, que pr'o sostemento d'aquela se apricasen as rendas que tiña a Colexiata ribadense (xa entón ruinosa e pouco despois suprimida pol-o Concordato) e as do convento que se anunciaba íba a desaparecer. «O pobo libre de Ribadeo —decían os amigos da instrución— quer ter un establecemento que difunda os coñecimentos primeiros que deben dirixir ós homes.»

E tivo-o. Inda pasaron algúns anos antes de que o Goberno se decidise a compracer ó pobo libre de Ribadeo. Pro o fin decidiuse. Por Real orden de 21 de Agosto de 1856 creouse a Escola de Náutica e Comercio, pra axuda da cual concedeu o Estado, no ano seguinte, vinte mil réas. Pouco despois de establecida, as malas herbas do favoritismo prenderon n'ela, e pra desarraigalas xirou varias visitas ó nacente centro, por encárrago do Xefe do distrito universitario de Galiza, o insine químico, que mais adiante foi rector da Universidade de Barcelona, D. Xosé Ramón Luanco e Riego, quen, según os seus biógrafos, sentía especial predilección pol-a Escola ribadense.

Outra doenza padeceu ista dend'os seus comenzos: a falla de recursos, que o Estado escatimaba vergoñosamente. Mais o entu-

siasmo de profesores e alumnos supría a ta-
cañería oficial, lembrándose o caso de ter
que pintar un catedrático, en lenzo, a nao
que había servir de modelo nas cátedras de
Pilotaxe e Maniobras, por non dar a *superio-
ridade* os cartos pr'a nao de verdade. I-
era corrente que o profesorado pasase dous e
tres meses sin percibir as suas xa ben cati-
vas consinaciós.

O número de estudantes, sobre todo nos
primeiros tempos, era grande, chegando en
algunhos cursos a noventa, cousa moi natu-
ral —di unha Memoria que temos á vista,
correspondente ó académico de 1868-1869—
si se atende a brillante posizón topográfica
que ocupa esta Escola i-o espírito mercantil
e marítimo que eiquí domina, e si se ten en
conta que a instrucción vai facendo suas con-
quistas e desterrando pouco a pouco as preo-
cupazons i-errores populares.»

D'entre aquiles rapaces saíron moitos ma-
riños notabres, algúns d'eles famosos como
«pilotos dos mares da América». Eran os
bós tempos da navegazón, os tempos dos
capitáns audaces, dos barcos airosos, das tra-
vesías inacababres. Entón se fixo famoso
o Kummel de Ribadeo, chamado así porque
pol-o noso porto entraba na Hespaña ise
licor, traído directamente de Rusia pol-os
barcos que iban aló á cargar cáñamo e liño
pr'os tecedores galegos.

E como a Escola daba resultado e non era
unha instituzón inútil, senón que vivía e
frutificaba, a Diputazón provincial, da que
dependía, acordou (en 1874) suprimila, inda
que consentiu que seguira funcionando co-
mo cousa dos veciños, que a sostiveron con
suscripciós públicas e con algunha esmola
da mesma Diputación e do Concello.

En tod'a mariña, inda mais na de Asturias
que na de Galiza, foi famosa a Escola, que
deu ás ciencias e ás letras nomes tan ilustres
com'os de Moreno Barcia, libre-pensador;
Rodríguez del Busto, publicista de sona nos
países hispanoamericanos; Xosé Vicente Pé-
rez Martínez, crítico de arte que brilou en
Madrid a fins do século XIX; e moitos outros.

A falta do apoio oficial puido mais que to-
dal-as famas, e a Escola caeu no esqueci-
mento por unha tempada. Rezusitou en
1892, con novos bríos, novas normas, novo

local e novos profesores. Eran istes os ho-
mes mais notabres do pobo: don Secundino
Martínez, bó gramático e millor cura; don
Xan Suárez Casas, enamorado do progreso
do país, gran reformador da agricultura;
D. Fernando San Xulián, antigo fiscal de
imprensa nas Filipinas, autor da primeira
historia de Ribadeo, D. Marcelino Vior, o
médico de mais sona en tod'o contorno; i-ou-
tros que inda viven.

Pro a escola estaba de morrer, e non lle
valeron fiscaes, curas nin médicos. Mala-
mente puido chegar ó primeiro lustro do
século presente. Quen esquirebe estas liñas
ten, entr'os seus mais tristes recordos de
xuventude, o de ver fechar tras il, pra sem-
pre xa, as aulas cheas de pó do vello casei-
rón en que se cobixaba derradeiramente a,
en tempos, famosa Escola de Náutica. A sua
desaparizón —según, con acerto, escribiu
o citado San Xulián nos «Apuntes sobre
Ribadeo»—foi o que mais contribuíu a deca-
dencia d'iste país, porque hoxe son mariñei-
ros e pescadores probes os que antes eran
pilotos e capitáns relativamente ricos».

O insino primario adiantara, en tanto, no-
tabremente, contando a vila con escolas
particulares que nada tiñan que envexar ás
de poboaciós mais importantes. Contar a
vida d'ilas non ofrece intrínsecos ningún, pois,
regramentada xa a instrución, non se diferen-
cian en nada das de calisquera outro sito;
aparte de que é tempo de dar fin á estas lon-
guísimas liñas, nas que, pese á falar tanto
d'insino, estou seguro de que non aderen-
dichedes ren.

FRANCISCO LANZA.

Ribadeo, Xaneiro 1929.

Xa apareceu

CANTIGAS E VERBAS AO AR

Poesias por Xulio Sigüenza

UNHA IMPRESIÓN DA GALICIA DO SUL NO DERRADEIRO ANO DO SÉCULO XVIII

(Conclusión)

Navalío: 50 veciños, liño gando, algún viño, casas de peisanos, bos xantares c'a carne superior de Galiza e moito ánimo de ousequiar—Logo chaos de bó piso de L a W, en tres coartos de légoa con grandes soutos carregados de froito. Crúzase un regueiro pra rega dos lameiros. Camiño raso sobre montes chairos e carballeiras outas. Barreira ten 24 veciños en chan lameirento. Logo terreo enxoiro hastra Verín.

À entrada un illó estreito e longo de cen varas e un regueiro que se cruza por un pontillón de lousas. Porta d'arco, antiga, rúa longa de 5 ou 6 varas d'ancha, encroyada, boas casas de pedra labrada, adevirtese qu'hai xente *rica y distinguida*; praza c'o Concello, 160 veciños, 2 boticas, carnicería, tendas de panos. À saída a ponte recomposta pol-o adeministrador do Conde, D. Xohan de Dios Román. A feira téñse no arrabaldo (38 veciños). É necesario trazar estradas pra saída dos froitos fartos e variados do admirabile val. Dend'eiquí compararemos os datos do «Itinerario» c'os do libro de D. Xosé Lucas Labrada («Descripción económica del Reyno de Galicia» publicado pol-o Consulado da Cruña, imprentado no Ferrol no 1804) Monterrey, ben forte pol-a situación; foi *Occelum* repoboada en 1150 por Alfonso VIII, chegou á 300 veciños; agora somentes 40 con Correxidor, Alcalde e Gobernador militar, os dous primeiros nomeados pol-o Conde. Castelo gótico, reparado, sin rampas, soilo escaleiras destragadas, nos restos modernos parapetos con troneiras, no adarve cañós tirados, sin cureñas, algúns de 24 e de 36. Soilo é forte pol-a posición.

Labrada contén un informe elevado ó Consulado da Cruña pol-o Correxidor don Xohan de Dios Román, e citado no «Itinera-

rio»: A vila de Monterrei cabeza d'unha xurisdición grande non ten artesanos sinón funcionarios e soldados da fortaleza con algúns xornaleiros; a soilo industria do val ús cen teares de lenzo servidos por mulleres que fan cada unha ó ano unha peza de lenzo esgrevio e outra de estopa, tecendo cada casa o que se fía n'ela; vendense os lenzos na feira; soilo s'ocupan da agricultura, agora desenrolarase a cría do gando c'o permiso pra vender bois en Portugal; ista terra a millor da provincia dá unha colleita de trigo ou centeo cada dous anos; millorará a situación abrindo a estrada prometida. É necesario esculcar os terreos baldíos e remediar as cheas dos ríos; un d'eles destroiu en dez anos mais de trescentas cavaduras de viña que podían dar mais de tres mil olas de viño. O mesmo Correxidor respondendo ás preguntas do Consulado encol das minas d'estaño manifesta: que somentes se traballaron nos séculos XV e XVI época do prestixio das feiras de Medina del Campo onde se vendía o mineral sacado da tona da terra e fundido pol-os peisanos; dende o 1786 o 98 beneficiáronse por conta da S. M. con traballos costosos (edificios, escavaciós) e moito personal con pouco beneficio inda que o estaño sexa de superior calidade. Asegún o mesmo informante os camiños estaban destruídos, e arroñada a ponte de Villaza sobre o río Made paso necesario da Limia pra Portugal. O partido de Monterrei no tempo de Labrada tiña 4.100 veciños comprendendo: Verín, Oimbra, Mourazós, Caldeliñas, Souto Bermuz, Enxames, Debesa, Serboy, Gondulfes, Laza do Conde e Albergaria.

MONTERREI A XINZO.

Xornada de catro horas e media, a 17.ª do

viaxe. Saída con moita xente e todo o pobo mirando pr'a litera do Xefe: pra compôr os malos golpes e ter man ían 200 homes diante con picarañas e palas e oito arredor da liteira. Fermosura do val, de chán arenisco con arcilla; fai falla ponte en Albarellos. Rubida faldeando entre castiñeiros. Guimarey: 20 veciños, liño, centeo, gando, algún viño, rua estreita aberta na pena. Despois montes rasos. Penaverde: bo sitio, outo, con arboredos e moita colleita. Vila de Rey: xantar na casa do crego, home de grande simpatía que dispuxo todo ledamente servindo il mismo á mesa *abundante en extremo* (O redactor sempre fala de patriotismo e humanidade cando se come ben). Pobo en chao, casas de pedra solta con mistura de cal e areia; nos interiores e armazós moita madeira de castiñeiro, tella fermosamente traballada e cocida. Arredor do pobo arboredos hastra gran distancia. *Trasmirás*, no cerne d'un país de lameiros e arbres baixos. *Pardueiros* en terras de sementeiras. Regueiros; pontillón de lousas sobr'un chamado Douro. Abavides, dend'un monte olla a larganza da Limia Baixa; centeeiras. Baixando un repeito dend'o pobo e torcendo á esquerda éntrase na Limia. Fermosa terra traballada ô xeito da de Campos mais de mór variedá de froitos. Apesares do tempo todo figuraba *ameno y delicioso*.

XINZO.

Dende lonxe vaise vendo Xinzo pol-a ponte chamada Antela de catro arcos con dous anacos de calzada. Tén 160 veciños; a eirexa parroquial rinde ô crego de 90 a 100.000 reais de vellón; nas casas traballaron bós artistas mais en opinión do redactor do «Itinerario» fixeron mal en inspirarse en exemplos vizosos. O país pol-a fermosura e farta de prodoitos apenas ademite comparanza con ningún outro. Compre desecar a lagó, idea que teñen moitos particulares sin citar cales. Na casa do Sr. Correxidor houbo unha enchenta épica debida a *generosidad genial de los naturales*. *Se admiró aquella noche una cena tan espléndida y abundante con solas las producciones del país que no sería fácil describirla aunque se intentara*.

La variedad de manjares quasi parecía con fusión y solamente pudo advertirse que de todo comían aquellas buenas gentes sin que se notase fastidio ni alteración en su naturaleza fuerte y robusta. Chovía á rego e faziase difícil camiñar pol-o país curtado de cantos e pontillós pol-o que voltaron á comer en Xinzo; foi motivo pra outra mesa *sumamente espléndida cuya variedad y abundancia manifestaron la opulencia del valle de La Limia*.

DE XINZO A ALLARÍZ.

Baixo a chuvia pol-o país chao que non abonda en Galiza. Necesidade d'unha boa ponte sobre o Limia pois o eisistente non sirve pra carreteira. Anacos de calzada. Rubida entre arboredos a Sandiás (300 vec.) rico torrón. Dende *Piñeira* domínase o millor chán da Limia inondado por non ter por onde despedir as augas encoradas; os lugares están na aba de pequenas outuras. Rodean a Piñeira variedade d'arbres e bós lameiros e searas. Eiqui atoparon co Saxeito Maor de Milicias d'Ourense e mais o abade Quiroga que viñan agardar ôs comisionados en Xinzo e non poideron romper pol-o temporal. Terreo raso e enxoiro por moito tempo baixo a escaravana e sin un albre pra acollerse. Mais o pior foi a costa de S. Marcos, esporente (n'algús sitios mais do 3.º ca horisontal) penedosa e chea de precipicios. A Silla de Postas foi salindo sin mór deterioro. Longo estudo do camiño na baixada que debe levar arrodeios pra amingoar a costa, paredes de sosteñemento, gaida rodas, cunetas e albres. O final precisa ponte sobr'un regato.

Labrada falando da Limia manifesta a opinión xeneral da convenenza de enxoiro o país rompendo as penas da Ponte Liñares distante tres légoas do lago principal, e que son o impedimento principal qu'atopa o río no seu curso. O consulado coída que o fondo de trollo das lagóas non será bó pol-o de pronto pr'as colleitas. Tamén dí Labrada qu'unha porción dos carneiros e ovelas da Limia é comprado por traxinantes da terra de Corcubión os qu'os van repartindo pol-os pobos da provincia de Sant-Iago.

ALLARÍZ.

400 veciños, Correxidor, eirexa parroquial e outras particulares, convento de frades dominicos (?). Os anacos de fortificación con torres e outras señais dñ a importancia da praza n'outro tempo. Á saída pra Ourense porta maxestosa en forma *de fuerte antiguo con su almenaje antiguo* unida ca ponte gótica de tres arcos en boa conservación; soilo preñden n'il arbustos bravos pol-o norte. O autor do Itinerario díse pouca conta d'Allaríz. Asegún Labrada a vila tén seis fábricas de curtidos ou pelamios (catro de sola e 2 de becerrillos) que dispoñen cada ano tres mil coiros en sola e seis mil en peles; n'os arrabaldos outras duas co que en dez légoas ó contorno todos gastan calzado d'Allaríz. As mulleres adícanse a fiar liño; prantase millo, trigo, centeo, liño, patacas e froitos e legumanzas, mercando os graus na Limia. Un D. Xosé González, boticario, tén establecida a soila fábrica de cristal tártaro de Hespanha, aproveitando o sárrio do viño, e proporcionando tal xénero ás boticas de Madrid, entr'elas á Real, e ó Exército.

ALLARÍZ A OURENSE.

O camiño hastra Outeiro apesares das voltas, rubidas e baixadas non precisa traballos d'importancia. Á entrada de San Cibrao das Viñas o transito está impedido pol-as paredes de *una inmensidad incomparable de viñas* e o empedreado desfeito con golpes de penedos. O arroio Papón (unha das ramas do Barbaña) pásase d'apé por un pontillón de lousas sufincado en pés baixos; dificultosa pol-as cheas e pol-as costas dos dous lados. Vencida a segunda hai camiño chao a Ourense tan cheo de pedras qu'o carruaxe *se golpea con demasía*. A xornada durou dúas horas e meia.

OURENSE.

Crasificaremos os datos do «Itinerario».

A vila: O pé d'un outo *faldeando un cerro sobre un montecillo elevado a la margen del Miño*, Moitas rendas da Eirexa;

700 veciños con Correxidor e Concello; reximento de Milicias. Ruas mal empedreadas, porcas, esporentes e estreitas con casas *de apariencia muy fea, incómodas y la mayor parte amenazando ruina o desmoronamiento*.

As Burgas e a Ponte: Dí o de todos. Unha das fontes sirve pra curar as feridas. A Ponte: *distinguida entre los muchos y suntuosos de España*. Gábase a antigüidade, cicais sexa romana pois os cimentos demostran unha data anterior ó tempo do bispo D. Lourenzo. Faise un prano escenográfico e outro xeométrico. Datos: 1.224 pés de lonxitude, gardalodos, un pé e medio, alto d'eles catro pés e medio. Sete arcos maiores na dirección do río, góticos; o central 138 pés por 18 de saxita sobre a outura meia das augas, modificada a forma gótica pol-a reforma de 1408. Segue a descriución técnica da ponte. Soilo é intresante a apreciación de que os cimentos en xeneral e algúns restos das cepas convencen do orixen romano: labrar as pedras sementes pol-a cara do asento, traballando as outras ou non, xa asentadas, asegún o tempo e recursos. Critica a reparación dos estribos W.

A xente d'Ourense quedou ademirada da Silla de postas que non tiñan visto e ademais non podían convencerse de que tivera cruzado pol-os camiños da provincia.

Nas autas do Concello d'Ourense correspondentes ó ano de 1799 atópanse algunhas referencias ó viaxe do Conde de Guzmán. No cabildo figuraban D. Pedro de Puga e Feixóo, D. Xosé Lousada, D. Xosé Antonio Martínez, rexidores, o procurador xeneral D. Felipe González Blanco e o deputado do común D. Lois Alvarez Pestaña. As xestións da carretera débéronse en grande parte ó Diputado do Reino D. Vicente Vázquez del Viso que se dirixiu á Dirección de Camiños e invitou ás provincias de Sant-Iago, Ourense e Tuy, a vila de Pontevedra e a de Puebla de Sanabria, en S. Xohan do mesmo ano. O concello nomeou o capitular D. Ramón Suárez de Deza c'as dietas de 12.000 réas de vellón pra recibir ó Conde de Guzmán no marco da provincia. Mais enfermou e foi o Correxidor Bringas. No mesmo ano o Capitán Xeneral do Reino interesouse

cerca do Concello d'Ourense pol-a composición das costas de Cudeiro e de Regueiro Fozado. Na sesión do 27 de Santos do 1800 fixéronse contas dos gastos de recibimento e ousequios ó conde Guzmán qu'importaron 4.362 réas.

Carauter da xente e da vida: Ourense debeu ser millor n'outro tempo; proba os moimentos. O chán produce de toda caste de froitos especialmente moitas e boas viñas. Os camiños remediarian o mal. Os veciños *están desalentados en una especie de inacción o adormecimiento, sin apetencia alguna del afán, aseo y buena disposición de las casas.*

No tempo de Labrada a xurisdicción tiña 2.648 veciños, e os pobos do seu partido: Barbadás, Canedo, Cudeiro, Mugares, Toén, Alongos, Moreiras, Seixalbo, Santa Cruz da Rabeda, Sobrado do Bispo, Vilanova de Rante, Bentraces, Pías, Bobadela, Ceboliño, Santa Mariña, Baliñas, Valenzá, San Cibrao das Viñas, Velle, Granxa, Larelle, Mende, Noalla, Oira, Reboredo, Solveira, Tarascón, Zaiz, Curuxeiras e Souto Penedo. Tamén asegura que sendo a terra mais doada de Galiza (n'isto habería moito que falar) os seus labregos son dos mais probes do Reino e a capital *pobre y despoblada*. Os comerciantes quéixanse da dificultade de cobrar os seus xéneros pois a circulación de diñeiro baixou dende fai 13 ou 14 anos. Hai industria de tecidos e tense teimado establecer pelamios en grande; unha fábrica de sombreiros establecida o ano 1803 e outra de cerralleiría con soílo dous operarios; bós lameiros nos arredores e falta de leña habendo baldíos d'abondo; nos propios arrabaldos e en Libiás fermosos fatos de oliveiras; no Miño salmós, sábalos, lampreas e troitas.

A opinión encol de Ourense foi nos tempos modernos, desfavorable en cuáseque tódol-os autores. Moitos copiaban ús dos outros, e foi moi repetida a descriución do Bispo Fray Muñoz de la Cueva. Encol do Ourense no século XVIII pódese consultar o primeiro tomo dos «Arquivos do Seminario d'Estudos galegos».

OURENSE Ó CARBALLIÑO.

Foi a vixésima xornada (21 outono) em-

pregando tres horas e meia. Por mandado do Concello mais de 400 homes destináronse á compoñer a costa de Cudeiro. O Xefe seguiu pol-a esquerda do Miño pasando á Barba de Barbante e á Ribadavia pra estudar as direicións e correntes do Miño e do Avia, quedando admirado da fermosura da terra que non tiña comparanza co visto. Os outros comisionados consideran que fai falla unha praza á saída da Ponte pol-a parte de Canedo. Logo camiño esporente con anacos de calzada por Cudeiro e hastra S. Bieito Dastrés. Na ermida d'iste lugar o país vóltese chao (arenisca e greda) hastra Mandrosende onde hai unha costa que remata n'un pequeno regueiro que pide unha ponte con dous empedrados. A Cabeanca en terreo firme e enxoiro de fermosas arboredas. Os chaos d'Amoeiro non notabres por atoparse n'un espazo igoal e espallados arboredos, searas e lameiros con todo cando demanda a *necesidad y regalo de la vida humana*. Despoixa d'un longo camiñar pol-os chaos alcánzanse Rouzós, Souto e Santa María d'Amoeiro: o primeiro ó pé d'un penedo non outo, os derradeiros de chán farto en colleitas e arboredos. Baixada á ponte San Fiz impedida pol-as muradellas dos eidos e pol-a pendente. Descriución técnica da ponte, en parte reparada con madeiras. Boa nota da fermosa calzada que rube da ponte: outos e baixos *sin incomodidad* hastra ó lugar da Touza de Maside (chán de penedo, algúns empedrados desfeitos). O tránsito de Maside estorbado pol-os paus das parras qu'ali abundan moito. Maside: 80 veciños, moito tráfico que medrará ca apertura de camiños á costa dende La Guardia a Ribadeo. Dacón: chán, comercio de gado (avenza, vacas, porcos). Carballiño: chán de grava e aréa, situación espallada, crima temprado, augas termaleas; todo fai prevér que co tempo será de moita consideración. Fai pouco fixéronse casas de recreio «de personas ricas y de distinción» moito trato; a millor feira de Galicia (?). É preciso fazer unha boa pousada que importará 1.500 réas de gasto. Os trece pobos d'ista xornada acreditan a densidade da poboación gallega.

Labrada pón os chaos d'Amoeiro á unha légoa ó Sul do Carballiño cicais ispirado no

mapa de López. Cita como pobos do partido: Bóveda d'Amoeiro, Arrabaldo, Parada d'Amoeiro, Naves, Louredo, Loureiro e Fontefria, Vilaseco, Peroxa, Armental, Vilamarín, Orbán, Toubes, Vilarubín, Larcheda (?) San Lourenzo, Barra, Melias, Ribela, Gustei e Casanova.

DO CARBALLIÑO Ó PARAÑO.

O día 30 chegou ó Carballiño o Sr. Conde de Guzmán: xa o agardaban os delegados da vila de Vigo D. Bonaventura Marco del Ponte e D. Xosé Antonio Cayro. Despedíronse os Sres. Bringas, Abade de Requeixo e demais persoas distintas. Moita chuvia, Saída o 31, chegando á Porto Pereiro dinantes de qu'encherá o río Viñao. Empeñáronse en rubir a costa do Paraño *parage tan infeliz que los mismos naturales lo miran con horror*. Despois d'unha loita co vento e a chuvia recolléronse n'unha *triste, miserable e infeliz choza* chamada venta: unha corte con esterco, porcós e bois; o venteiro qu'era un rara figura defendía unha pipiña de viño das posibres acometidas dos viaxeiros; comeron patacas e hovers á lús d'un candil fedenchoso. Pol-a desfeita tromenta tiñan medo de que a casa fora levada a zorro pol-os precipicios. Namentras o facultativo pasábaas negras pra levar a Silla de postas e non foi capaz de vadear o río Viñao.

O PARAÑO, SOUTELO, CERDEDO.

En hora e meia entre vento e chuvia fixeron o tránsito do Paraño chegando a recollerse en regular aloxamento en Soutelo. O día seguinte 2 de Nadal pararon en Cerdedo habendo tomado notas pr'o arrego do camiño.

PONTEVEDRA.

Ó día seguinte o Xefe detívose pra xantar no Mosteiro de Tenoiro. Namentras o facultativo e D. Xan Antonio Xironda foron levando a silla, botando abaixo paredes con axuda dos peisanos, cruzando o Viñao con gran perigo. Despois foi levada por xugas das de bois. A costa non é tan esgrevia na

opinión do facultativo pois ten alternativas de terreo chao. Entre Soutelo e Cerdedo, anacos vellos de calzada. Cerdedo: 10 veciños. Logo carballeiras, anacos empedreados, Pedre n'un outo á esquerda, Viascón e S. Xurxo de Sacos en terra de montaña *fértil*: vénse oito pobos ús pretiño dos outros. Baixada empedreada á Tenoiro, Pontes de Bora mal conservados, vellos, inzados de silveiras. Logo camiño estreito has tra Pontevedra pol-as hortas e eidos que s'acugulan na boa terra.

Pontevedra, vila de moita consideración na embocadura do Lérez ou Vedra sobre o que tén ponte antiga de doce arcos de meio punto, ben estropeiados; pais «maravilloso»; pouco trato; a maior porción da xente anda na mar. Millo, centeo, froitas, legumanzas e peixe en cantidade prodixiosa; fábrica ó ano dous millóns de varas de lenzo que a oito reás fan 16 millóns. Veciños: 1.600, duas parroquias e dous conventos. Rúas chás, estreitas, con empedreado berroqueño que se saca de canteiras ó pé da vila. É unha door que non haxa ningún edificio Greco-romano.

Asegún Labrada tiña Pontevedra c'a xurisdición 3.675 veciños; fala logo da prosperidade da terra e da mar. Un pouco descida a sardiña dá 20 mil millares que van á difrentes portos de Hespanha e Portugal. No 1798 sacáronse 12.163 millares de sardiña e 15 pipas de grasa: 294 millares de berberecho, 16 quintales de atún; 2.300 ferrados de millo; esportándose a Cádiz 4.722 libras de xamón, 340 millares de cebola, e algús lenzos e calcetas. Por R. O. de 2 de Xaneiro do 1798 é porto habilitado; fábrica de curtidos, 2 de sombreiros (con 22 oficiais), unha de augardentes. No 1723 estabrecéronse os ingresos D. Benxamín e D. Xohan Lees c'unha fábrica de embarrar, cardar, piar e tecer lá e algodón, por informe do Consulado e de veciños de Pontevedra utilizaron parte do edificio que fora da Compañía. No tempo de Labrada tiñan 64 teares con moito despacho e idea de pór outra no Hospicio de Sant-Iago.

PONTEVEDRA, REDONDELA, VIGO

Pararon en boa casa: a do Excmo. Sr. don

Pedro Malvar y Acuña. O día 5 de Nadal en 5 horas viaxe a Vigo. Foron en coche hastra a Ponte Sampaio pol-o fermoso camiño feito pol-o Arcebispo D. Fray Sebastián Malvar y Pinto. Dinantes de Redondela comeron n'unha quinta feiticira *con gusto por la calidad y sazón particular de las carnes y pescados*. Redondela: 170 veciños, na mór parte xente da mar. Moi boa situación; a torre da parroquia fai un efeuto *piramidal de gusto* a soila ponte de lousas de 16 ollos. Camiños dificultosos hastra Rande; esporentes e cortados de penedo e augas de regueiras. Teis pobo de consideración; inda que sexan mariñeiros hai abondo de millo, centeo, legumanzas e froitas que se gastan en Vigo. Camiño dende Teis no que non se pode dar un paso á cabalo sin grande perigo. Dinantes de Vigo crúzase unha praia de 1,500 varas *a la lengua del agua* onde se van facendo casas todo o largo.

En tempo de Labrada sacábase moito viño pol-o porto de Redondela; os camiños seguían tan malos coma dinantes. A xurisdición de Redondela e a Reboreda tiña 1.300 veciños.

VIGO

O areal arriban os barcos c'a marea desembarcando os xéneros; moitas chouzras sirven pr'as fábricas de salazós e pra almacés. O pobo moi pequeno con relación ó vecindario; ós 300 veciños é preciso engadir os que chegan á estabrecerse pol-a fartura do país, comerciantes de paso e o corpo de tropas aloxado nas casas con molestias pr'os veciños. Os castelos meio deixados sementen valen pol-a posición. Rúas esporentes con casas de pobo mediano; ningún edificio notable; dúas parroquias, dous conventos (Franciscos e Terceiros). Mala torre do reló. A porta da Laxe (8 pés por 12 de outo) sai á mar sin outro desembarcadeiro que unha morea de pedras; c'a marea baixa queda á 100 varas. Debía ser dos milllores portos do Reino; inda embarca 6.000 pipas de viño pra Ferrol, Cruña e outros portos do Norte. Con bos camiños vencería o comercio de Portugal. C'os arrabaldos da mariña hai 600 ou 700 mariñeiros matriculados. O comercio do

porto contén 21 barcos entre fragatas, paquebrites e bergantís de 200 a 400 toneladas; 400 barcos de pesca de 6 a 7 homes cada un. As 25 fábricas manteñen 2.000 persoas nos seis meses de pesqueiría. Porto notabre pra refuxio, pra América, e pras flotas de guerra. Son d'urxente precisión pronto, camiños e coarteles.

En tempo de Labrada a Vila e Xurisdición de Vigo, c'as de Fragoso e Valladares xuntaba 2145 veciños, menos qu'as da Guardia, Bayona e Miñor, Soutomaor, Salvaterra c'os cotos engadidos, e Sobroso e Oliveira. Dalle a mesma pobração do «Itinerario» e igoal saída de viño. Na fábrica de sombreiros ocúpanse 20 ou 25 portugueses; fábrica de curtidos en Labadores; cada ano dúas expedicións a América de froitos da terra; moita emigración á Portugal. Bouzas esportaba 110 pipas de viño.

VIGO A PORRIÑO

Mal camiño hastra Dornelos en chán esgrevio con vestixios de calzada; non se pode chamar sinón un tránsito cheo de precipicios; un pouco millor pasado Dornelos. Ó chegar ó Porriño unha ponte de tres arcos que precisa gardalodos. Porriño: 130 veciños, boas casas, eirexa parroquial «de tamaño y aspecto reparable» con torre rematada en casquete esférico. Rúa grande de 40 a 50 pés d'ancha, de chán igoal, e boa praza. Posición central respecto de Vigo, Tuy, Redondela, Cañiza, Salvaterra, Pontearreas e outros menores. En Pontearreas, Cañiza e Porriño grandes feiras e mercados. N'o Porriño factoría do pan de munición pr'as tropas dos Portos e prazas do interior. O trigo chega por Vigo. Precisa unha carreteira pr'a Franqueira, Ribadavia, Ourense, pr'a terra de Campos.

PORRIÑO A TUI

Por Cerquido regular camiño con bós traieutos de calzada. Car'a S. Esteban, estreito, con revoltas entre moita fartura de terras de laboura. Ó remate d'unha baixada ponte nova sobre o río Louro onde remata no Miño. Longo arrabaldo de Tui con rúa

estreita. Pérdese a pacencia con tantas voltas e revoltas pol-o terreo *más pingüe y fructífero* que se pode pensar.

Tui: figura irregular, rúas estreitas, as millores non mal empedreadas, as travesías encostadas, con escaleiras. Ningún edificio antigo mercesce atención. Catredal; unha mole Gótica *que ni aún en ésta especie de arquitectura se le concede mérito*. Anacos de muralla con cañóns sin cureña; corpo de inválidos, e a parte que lle toca de Milicias Provinciales, 1800 veciños con Alcalde e Gobernador militar. D'outra marxe (o río ten 3.000 v.) Valença, bastante respetable por fora; o interior non responde *a la bulla de tanto aparato. Es pieza que manifiesta el caracter de la Nación Portuguesa*.

En tempo de Labrada tiña c'a xurisdición 1.642 veciños. Lenzos, sombreiros, licores de D. Xohan de Amega con D. Ventura Mora. As monxas do convento da Concepción venden ó ano 4.000 arrobas de dulce de perada (c'o tempo faráse o comentario). Almacés de madeira, sebo e coiros.

TUI VIGO

O 10 de Santos en catro horas. Pol-o camiño que trouxeron hastr'a ponte Nova. Costa de Santa Comba á que segue un chao de unha legoa e tres coartos, quedando á esquerda a capela de Nosa Senhora de Alba que sirve de vixía os mariñeiros. Baixada á Castrelos, e á Vigo por sendas estreitas mal empedreadas.

VIGO, PONTEVEDRA, PADRÓN

O Sr. Inspeutor recoñeceu en barco parte da ría. Volveu á estudar o camiño hastra Pontesampaio. N'il agardaban dous persoaxes notables enviados pol-a provincia de Santiago: o conselleiro de Estado Excelentísimo Sr. D. Pedro de Acuña y Malvar, e o Conde de Gimonde. A chuvia non'os deixa sair da casa en Pontevedra os días 11, 12 e 13; en troques pásase ben e fábase da prosperidade do país arredor da mesa presidida por un cóngrio de 80 libras galegas. En 5 horas e meia viaxe ó Padrón pol-o camiño feito a espensas do Arcebispo Malvar.

Eiqui remata o «Itinerario». Sin grande dificultade poderíase seguir a historia do camiño que soilo foi unha realidade c'a construción pol-os anos de 1852 da carreteira de Villacastín a Vigo e a de Barbantes á Pontevedra. Ben demostrada foi a convención da xuntanza da Galiza do sul c'o centro da Península. O Consulado da Cruña e a Sociedade Económica de Sant-Iago xa pensaran no asunto moitas veces; no 1791 por exemplo fixo o proieuto o capitán de navío D. Eustaquio Gianmini. O canónigo de Compostela D. Pedro Antonio Sánchez escribiu unha Memoria, e nos comezos do século XIX o goberno destiñou pra carreteira de Benavente á Vigo os fondos sobre a venda do sal qu'estaban destiñados á camiños transversales. Na apertura da carreteira houbo nos traballos esceas tráxicas com'as cordas de presidiarios que traballaron nas Portillas; a súa lembranza era xeneral nos primeiros anos de viaxes en dilixencia. Fai anos algús vellos d'Ourense contaban a emoción que produxo a saída do primeiro coche de Castilla. Empeza pra terras do sul da Galiza a novela do coche e unha influencia nova.

No trazado da carretera adevirtese o mesmo trazado do «Itinerario» dende Sanabria a Allariz; unha tradición d'ista vila asegura qu'as voltas e revoltas da costa de San Marcos dibuxan as inicias P. M. S. ben coñecidas no tempo da revolución e do liberalismo adoitado á Hespanha, d'entón. Dende Allariz o trazado por Taboadela esqueceu o camiño que trouxo por S. Cibrao o Sr. Conde de Guzmán. Dende Ourense a atracción de Vigo levou a carreteira pol-o val do Miño hastra Ribadavia logo pol-a divisoria da Cañiza, por Pontearcás, e Porriño. O camiño d'Ourense ó Carballiño por Vilar das Tres e os Chaos quedou vencido pol-o da costa de Canedo (Canedo, Amoeiro); a nova carretera de Pontevedra vai por Barbantes e Punxín. Mais d'outra Carballiño e Pontevedra segue os pobos do «Itinerario» de 1799.

A Galiza do Sul estaba ben deixada; todo o esforzo borbónico tiraba pr'o Ferrol. Mal-a situación da nosa terra non era inferior, sinón en moitas cousas superior á d'outras

rexiós da monarquía veciñas da Corte. O «Itinerario» do Sr. Conde de Guzmán amos-trou entre outras as seguintes particularidades: o esforzo galego en facer calzadas e pontes, o forte vivir de moitas terras, a ledicia e fartura dos nosos campos e sobretudo (xa que os viaxeiros eran demasiado neocrásicos pra apreciar os cantos populares, as eirexas

medioevás, e os ceos da chuvia), a simpatía da xente e o prestixio gastronómico criado pol-a longa usanza de fidalgos e abades. Coarteles dos mais ilustres do novo brazón.

Ourense, 13 Nadal do 1927.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBRICADO POL-A SEIZON DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO
CONSIDERAZÓNS FOLK-LÓRICAS

(Proseguimento)

Os rapazes que recollendo a cera da vela ritual, armaron unha pra entraren na cova e ficaron dentro pechados, presentannos unha aventura d'*aprendiz de bruxo*: a inesperancia e o estrevemento punidos pol-a tremenda lóxica oculta, que tanto asombrara a Chesterton. É merecente d'estudo o conxelito popular da xustiza que estas historias revelan, xustiza automática e mecánica—com'o Karma—que garante os *tabús* e salvagarda o *sagrado* en todas as relixiós primitivas. (En col d'iste asunto, pódese ver: Wundt, *Völkerpsychologie*, e Levy-Bruhl, *La mentalité primitive*).

Os outros dous casos son diferentes: no de Trelle, o xigante indica o sitio do tesouro, e semella que non hai mais que cavar.

No de Mourillós hai que gardar certas precaucións pra se librar da témera qu'o custodia.

O XIGANTE.—Veleiquei un caso que s'a-semella ben ó d'Aladino, tan universalmente espallado e coñecido. O xigante que sen mais dí onde está o tesouro aseméllase ó *djinn* do conto d'Aladino, pro aínda mais o xeito d'evocalo: rañando na peneda coa

navalla, com'Aladino fregando na lámpada ou no anel; nos dous casos é un rapaz ifiorante d'estas cousas o que descobre o tesouro... El haberá eiquei contamiñazón ou lembranza incoscente? Non tería ren de particular qu'os nosos peisanos referiran a historia d'Aladino, xa tal coma é xa, *acculturada*, con detalles e persoaxes galegos. Ten moito mais que tal historia s'atope localizada, com'está esta. A semellanza é curiosa, mail-o conto é tan breve, que non semella d'abondo co que hai pra desbotarmol-a hipótese d'unha invención independente.

Pol-o demais, non é iste o úneco xigante qu'atopamos nas nosas lendas localizadas, proba qu'a creenza n-elas estivo algún día espallada, que non son os mouros os únecos habitantes dos castros e que por baixo d'iles fican os restos d'unha mitoloxía ben mais antiga. Rastrealas é unha das angueiras que ten diante o folk-lore galego.

Non temos precisión de lembrar eiquei por miúdo o rol dos xigantes nas mitoloxías nórdicas, nin as creenzas en razas de xigantes antigos habitantes da terra.

OS BURATOS DEBAIXO DA TERRA E O MUNDO SUBTERRANEO.—O castro

de Trelle está oco por adentro e o burato, é tan fondo que se non sinten cair no cabo as pedras qu'alf se botan. Tamén o está o Outeiro de San Marcos. No d'Ourille tamén s'abriu un subterráneo.

Non hai castro, castelo nin penedo raro na nosa Terra, do que non digan que ten unha saída ou camiño por debaixo de terra. A xente ademais, eisaxera de cote a fondura dos puzos, alxibes e buratos, das minas, etcétera, supondo que chegan á moita distancia. É esta unha idea constante e ademais universalmente espallada: o interior da terra pecha pr'os homes misteiros maravilhosos.

No Castro d'Ourille faise ademais alusión crara á un mundo subterráneo: por baixo do castro hai campos e unha eirexa. Isto ten relación en primeiro termo coas tradizós de *vilas asolagadas* (Carregal, Doniños, Maside, Antioquia na Limia, etc. etc), anque tamén se fala de vilas *soterradas* n'outros lugares.

Biquí temos sen dúbida algo relacionado co-a *terra de Belfin* das leendas bárdicas, co-a *Raiña do reino subterráneo* das Mil e Unha Noites, co-a tradizón mogola do *Reino d'Agharti*, de que fala Ossendowski, que ten comunicazón con todas as galerías que van por debaixo da terra, etc. Dixérase unha tradizón universal, caxque uniforme, que non se sabe que fundamento podía ter, coma non sexa o que o costume d'enterrar os mortos por unha veira faga supor qu'iles viven outra vida debaixo da terra, e os achádegos arqueolóxicos pol-a outra confirmen a creenza na existencia d'ise mundo. Así e todo, non semella espricazón suficiente.

No mesmo mundo subterráneo poñen as mitoloxías nórdicas e mais a Kabala do século XVI o reino dos gnomos, que traballan o ouro e as pedras preciosas. Pode haber tamén lembranza das poboazés troglodíticas.

OS TRES REIS.—Viviron istes tres reis no Outeiro de Pazos. Poden representar, asegún insinuou Cuevillas n-unha confidencia, as tres razas sucesivamente donas d'aquela terra: Celtas galaicos, Romanos e Xermanos (fundado esto derradeiro na con-

servazón do nome d'Ataulfo, que poidera ter sido o dono ou señor do dominio ou *villa* fundamento da freguesía actual, a qual tería sido enantes posesión d'un clán que tería erguido o Castro). A leenda, non embarcante, fainos vivir a un tempo, e deixar soterrados os seus tesouros cando se foron, com'os mouros da Crónica de Turpín, e do soado pergamiño de Don Gutiérrez d'Altamira, no Ciprianillo.

Hai eiquí sen dúbida contaminación de dúas leendas, das que a segunda conservando os nomes antigos, suplantou á primeira. Despois, cóñécese que tamén os nomes se foron esquecendo e non quedou mais qu'o d'Ataulfo, d'abondo pr'abrir camiño a hipóteses ben fundadas, que outras leendas análogas poden vir confirmar.

Compre ter en conta qu'istes qu'eiquí damos non son mais que avances, pois unha sistematización do folk-lore dos castros non e posíbele namentras se non teña recollido o de todos os castros e lugares semellantes de Galiza, e posto en comparanza con todo o outro folk-lore.

A CIBDADE DE CACHIQUIMBRA.—É sumamente curiosa a historia que refiren do Outeiro de Rubiós, e elo poidera ser lembranza d'algún feito histórico. O nome de *Cachiquimbra*, non poidera ser lembranza d'algunha—*briga* céltica? Non quixéramos aventural-a hipótese, mais o certo é qu'o mesmo tratamento fonético sofreu *Conimbri-ga*=*Coimbra*. A mención dos romanos axuda tamén a pensalo. Confirmao o achádego da estauta de guerreiro galego c'unha inscrición con nome indíxena.

Tocantes ó episodio da serpe, poidera ser un antigo totem da cibdade? Tamén é dino de mención o xeito de matala c'un cacho de carne, que semella algo com'a violación d'un tabu que pesara sobre esa carne.

O FOLIÓN.—O caraute sagrado do monte do Castro en Olás aparez sinalado pol-o costume de ter n-il o folión de San Pedro, e o caraute curativo das herbas que se colleu na aba.

En col do folión, compre ver Murguía, en *Galicia*, no capítulo que adica ás tradizós populares.

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

FOLKLORE EN RIBADEO

I

A LETANÍA DE SAN SEBASTEÁN

Fai moitos anos, Ribadeu, pra librarse d'unha peste, púxose baixo a protección de San Sebasteán e San Roque, cuílas festividades celebráronse desd'entón con gran solemnidade.

Na de San Sebasteán os veciños tiñan obrigazón de ouvir misa, absterse do traballo e ir en rogativa cantando a «letanía dos Santos» e levando nas maus calquera imaxe, moneca, retrato ou estampa.

En canto da letanía, e co sonsonete d'ista, os pícaros y-os mozos cantaban:

San Sebasteán,
a cabalo d'un can;
o can era coxo,
tiroulo n'un pozo;
o pozo era frío,
tiroulo n'un río;
o río era branco,
tiroulo n'un campo;
o campo era roxo,
tiroulo n'un toxo;
o toxo picaba,
San Sebasteán berraba
y-o can escapaba.

II

A VIRXE DE VILASELÁN

É a mais popular de toda ista bisbarra, i-á sua romaxe acuden devotos de moi lonxe, principalmente familias de mariñeiros, dos

que e proteitora. A imaxe—que, asegún os descritos, foi o mascarón de proa d'algún barco perdido—atopouse n'unha praia da freguesía de Vilaselán, ó pé da *fonte dos soldados*, e así chamada porque a ela iban á beber os que prestaban servizo no inmediato castelo de San Dameán. I-a xente cantaba:

Virxe de Vilaselán,
¡donde fuche aparecida!
á mesma beira do mar,
ó pé d'unha fonte fría.

A devoción pol-a citada Virxe espresábase en cancións como ista:

Virxe de Vilaselán;
danos o vento na popa,
que somos de Porcillán
e traemos a vela rota.

III

O MONDIGO

É o monte mais outo da terra de Ribadeu. Os vellos decían: «Lua ó Mondigo, baixamar no río». E: «Cando o Mondigo pon o capelo, todal-as vellas tembran, ou mexan, de medo».

IV

ADIVIÑANZA XEOGRÁFICA

Sante, Santiso,
Acre i-a Veiga,
Toe e Piñeira,
Ribadeu e Vilaselán,
¿cantos lugares serán?

F. L.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

LIBROS

POESÍAS GALLEGAS Y CASTELLANAS, por ENRIQUE LABARTA POSSE.

É esta unha edizón d'homaxe que no pobo da sua nacencia fan en lembranza do ilustre escritor galego, morto lonxe da terra, cando comenzaba unha nova evolución

da sua personalidade literaria, qu'era varia d'abondo.

Crar'está, que como adquireu seu ben asentado nome—tan ben asentado que é dos poucos mortos que aínda conservan moitos admiradores verdadeiros, eiquí, onde tan cedo s'esquece ós homes, aínda de vivos—foi com'humorista. Moita xente gozou coa sua gracia san, ás veces fonda, sempre bon-

dosa. Mais adentro de humorista había non sementes, coma de cote, un sentimental, senón un idealista tan soñador que chegaba a ser iluso. Boa proba foi a gran cantidade de revistas e boletíns qu'il fundou.

Extraordinariamente modesto, tanto lle daba ser poeta de circunstancias, concurrir a todol-os certames en procura dos premeos en metálico, ou escribir unha longa tirada de versos pedindo un destino. Por que foi oficinista do tempo dos oficinistas. Tiña no seu mundo interior un achego onde nono acadaba a prosa da vida, e por afora, levaba a couraza do humorismo, e aínda a da simpatía, que moito servizo lle emprestaba tamén pra esto. E aínda había por adentro tamén, en todal-as ocasións, un gran galego, un galego do tipo soñador e bohemio- que tamén os hai—cando no seu tempo triunfaba xa arredor d'il o galego *cuco*, que d'aquela foi cando encomenzou a faguerse representativo. Labarta foi un dos derradeiros románticos.

O que non todos saben, anque n-iste volume podan velo, é qu'o Labarta humorista e riseiro, era un preocupado co mais alá. Poucos saben que o Labarta era mais que meio espiritista e que faguía esprimentos sobr'os soños e a telepatía. Com'o doente de Mallarmé, andaba en procura de todal-as feestras por onde un pode viral-as costas ó mundo. O úneco ligame d'alma que tiña co mundo, era o amor da familia e o amor da terra.

Iste volume non é, crar'está, todo Labarta: a obra d'iste é moi estesa; mais é un espello da súa persoalidade chea d'engado e d'intrínseco.

A ABSIDE DE CASTRO DE AVELÂS
VITORINO PEDRO, Porto, 1928.

Da lección ilustre e numerosa dos *arquedlogos* portugueses sobresaí o Dr. Pedro Vitorino que ó frente do Museu Municipal d'o Porto realiza unha labourea centífica intensa e fundamental. É o noso amigo un investigador especializado en materias de arte antigo portugués a quen lle inquetan tanto os orixenes da forza sentimental constituída pol-o *sebastianismo* ao que estuda no interesante aspecto da iconografía popular, como as gravuras rupestres do monte de Eiró que no museo citado se gardan baixo a súa custodia.

Ofrécenos agora n-este opúsculo o sabido rebuscador de *museus, galerías e coleccións*, un erudito estudo da antiga fábrica da eirexa trasmontana de Castro de Avelãs, poderoso mosteiro outrora, cuxo orixen remontan algúis ao s. VII, do que non se conserva senón o ousio con tres capelas de pranta se-

micircular, maior a central, adornadas interior e exteriormente por tres ordens de arcadas cegas das que algunhas prestaron luz en tempos pasados. O material empregado, o ladrillo, contribuíe a dar á tal construción un feitío que permite ao autor paralelizarla con eixempres hespañoes de Castela i-Estremadura, como a eirexa de Sta. Maria de la Vega en Carrión. E así como os documentos levaron en outra ocasión ao ilustre autor a datar a portada románica de Ancaes, tamén en terras de Braganza, no século XV nada menos, agora son os elementos os que o fan clasificar a obra de Avelãs como edificio mudexar-románico do século XIII, nova de grande valia pra o arte portugués do medioevo.

F. B. B.

REVISTAS

NAÇÃO PORTUGUESA, serie V,
tomo I, números 5 e 6.

NÚMERO 5, Sumario: João Ameal, *Antonio Sardinha o combatente*.—J. Francisco V. Silva, *Valor racial de cien años de paz entre Argentina y Brasil*.—Luís Chaves, *O romance de Santa Iria*.—Manuel Múrias, *A exposição do livro português em Madrid*.—Carlos da Silva Lopes, *Ensaio sobre a nobreza portuguesa*.—Marcelo Caetano, *Dois palavras sobre a arte cristã*.—A defesa dos direitos de *El-Rei Don Miguel I*.—*Das ideias, das almas e dos factos*.

Número 6: Jackson de Figueiredo, *Antonio Sardinha*.—J. Mendes da Cunha Saraiya, *A campanha de Ourique*.—R. de Sá Nogueira, *Que relação tem a literatura com a glotologia?*—Marcelo Caetano, *Política*.—Antonio Pedro, *Os contemporâneos*.—Guilherme de Faria, *A. Botelho da Costa Veiga, Os combatentes de Ourique em documentos medievais*.—Carlos da Silva Lopes, *Nobreza da sangue e simples nobreza*.—*Das ideias, das almas e dos factos*.

O romance de Santa Iria, do que Luís Chaves trai notabres variantes, témolo achado en Galiza, en galego e en castelán, co mesmo argumento, e as mesmas verbas, embora referido de cote a Santa Helena, coma na variante trasmontana de Vinhais que trai Luís Chaves.

A ÁGUIA, Julho e Outubro, de 1928.

SUMARIO: Prosa, *Perugia Assis*, (conclusão) por Vila Moura.—*Da Galiza Renascente* (conclusão) por Vicente Risco.—*Pedras e estatuas animadas*, por José Teixeira Rego.—*A trepanação neolítica e a meta-*

psíquica, por José B. Fernandes de Matos. — *Notas para um livro*, por José Sant'Anna Dionísio. — *Seitura*, por Agostinho da Silva. — *Factos e comentarios. A exposição do livro português em Madrid*. — Poesia: *Eudecha*, por João Alves. — *Evasão*, por José Regio. — *Trovas de verão*, por Antonio de Sousa. — *Os brinquedos*, trad. de Luis Cardim. — Ilustração de Joaquim Lopes. — *Bibliografia*, por J. T. Rego e Luis Cardim.

Interesantismos os estudos de Teixeira Rego e Fernandes de Matos, que sinifican unha apricazón de metapsíquica á espricazón das prácticas relixiosas antigas, a que xa nos temos referido comentando os estudos de Teixeira Rego en col do visgo dos druidas. Novo camiño, que aínda non fora tentado e teoría da que os estudos a que nos referimos son dúas novas apricazós doadas pra confirmala.

O noso director remata n-iste número unha exposición compreta do estado actual da literatura galega.

Na seición bibliográfica, ocúpase con loubanza de *O porco de pé*, n-unha nota do Profesor Teixeira Rego, e mais do *Ensaio d'un programa pr'o estudo da literatura popular galega* publicado no noso número d'agosto do ano pasado por Vicente Risco.

BOLETÍN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA, 1.º Dbre. 1928, Cruña.

SUMARIO: «*Orensanos ilustres*», por Benito Fernández Alonso, por Juan Rodríguez Cabrero (adiciona muchos nombres y noticias a la obra del difunto Cronista de Orense). — *Memoria acerca de la imprenta y el periodismo en la provincia de Orense* (continuación) por Eugenio Carré Aldao. — *El Hospital de San Lázaro de Santiago. Su origen y algo de su historia* (conclusión), por José Couso Bouzas. — *Puentedeume y su comarca* (apuntes históricos) (continuación), por Antonio Couceiro Freijomil. — *Notas epigráficas: Una inscripción del siglo X* (con dous grabados), por Angel del Castillo. — *Colección de Documentos Históricas*.

BROTÉRIA, Porto, Dbro. de 1928.

SUMARIO: *Para a historia do culto do B. Nun' Alves*, por Domingos Mauricio Gomes dos Santos. — *O Trabalho e a Ideia Religiosa*, por Luis Gonzaga Cabral, S. J. — *A hagiografía como tema literario*, por Paulo Durão Alves. — *As fontes da enerxía hidroeléctrica de Portugal*, por A. Galvão. — *A Exposición do libro em Colonia*, por Raul Machado. — *Notas e factos*, por Dionel. — *Subsidios para o Vocabulario Português*,

por J. Serafim Gomes. — *Revista de Revistas*. — *Notas bibliográficas, Efemérides, etcétera*.

O INSTITUTO, 4.ª Serie, volume 5.º, núm. 3.

SUMARIO: *A arte de escrever*, por Vitorino Nemesio. — *Na agonia dum regimen: os últimos anos da vigência do foral do Porto*, por Artur Magalhães Basto. — *Estrangeirismos*, por Claudio Basto. — *Algumas observações acerca da influência do inglês no português e do maior veículo dela—o francês*, por João da Silva Correia. — *A obra de Guerra Junqueiro*, por Vieira de Almeida. — *O crime e a responsabilidade*, por Santana Rodrigues. — *Quelques résultats obtenus par les observations spectro-héliographiques des années de 1926 et 1927*, por F. M. da Costa Lobo. — *Do teatro na literatura indo-draca*, por Bernardino Garcias. — *Breves palavras sobre a questão de Ourique*, por A. Botelho da Costa Veiga. — *Boletim*, etc.

BIBLOS, Coimbra, Setembro, Outubro, 1928.

SUMARIO: Dr. Mendes dos Remedios, *De D. João V às Cortes de 1821*. — Dr. Manoel de Sousa Pinto, *O testamento póstico de Bilac*. — Dr. Gonçalves Cerejeira, *A época das grandes sementeiras*. — Dr. José Maria Rodrigues, *Estados sobre as «Rimas» de Camões*. — Dr. Vergilio Taborda, *Maquiavel e anti-maquiavel*. — Guido Vitaletti, *Il contributo dell'Italia agli studi lusitani negli ultimi cinquant'anni*. — Dr. Francisco Morais, *Da miniatura medieval e sua relação com os códices miniaturados da Universidade de Coimbra*. — *Varia*. — *Revista de Revistas*. — En separata: Pae José dos Santos Mota, *Métrica de Camões*.

Imprenta NÓS, Real 36-1.º, A CRUÑA

No proisimo número:

Petroglifos de Sabroso e a Arte Rupestre em Portugal

Por R. de Serpa Pinto.

A Eirexa Pre-Románica de Francelos

Por Xosé Filgueira Valverde.

Cancioneiro da Ribeira do Tea

Por Fermín Bouza Brey.

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés, 50
A CRUÑA

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Axiña aparecerá

o segundo libro de

C O U S A S

por CASTELA0.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escurusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todol-os estableci-
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por **R. Otero Pedrayo.**

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina

CIRUJANO

y

D. Antonio M. de la Riva

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.



**JABÓN
LA TOJA**
UNICO EN EL MUNDO



HELECO

O Xabón da Toxa
é o mellor.

Honra á Galicia no
mundo enteiro

Le Castillo



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peñador

Véndese en todas las
Boticas, Droguerías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos-camas de
todol-os três

As mais indicadas en casos
de artitrismo, desnutrizón, diabetes,
obesidades diversas, doenzas do
aparello dixestivo, anemia
e neurastenia

Riquisma auga de mesa

gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO

a 35 kilómetros de Vigo